

COMUNICADO DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

A Coruña, 19 de abril de 2023

Ante o anuncio da convocatoria da manifestación a nivel nacional que se celebrará en Madrid o próximo día vinte e sete de abril do presente ano, cuxo obxecto é, entre outras medidas, reivindicar melloras económicas e no servizo prestado na Quenda de Oficio, o Consello da Avogacía Galega, integrado polos sete Colexios da Avogacía de Galicia, quere trasladar aos letrados e letradas da nosa Comunidade a nosa postura a respecto:

Apoiamos e solidarizámonos coa reivindicación de medidas coincidentes coas que historicamente veñen reclamando os Colexios, os Consellos autonómicos e o Consello Xeral da Avogacía Española. Pero non podemos asumir moitas delas; unhas, por resultar claramente prexudiciais aos intereses dos nosos compañeiros e compañeiras; outras, por teren sido xa acollidas ou encontrarse en trámite de negociación; e outras por ser claramente inviables, resultando que ditas medidas poden incluso desenfocar ou diluír as reivindicacións de maior interese para a avogacía, dificultando incluso a súa consecución.

Polo mesmo motivo, o Consello da Avogacía Galega tampouco comparte algunha das iniciativas adoptadas ao respecto polo propio Consello Xeral da Avogacía Española. Referímonos, en concreto, á de establecer como parámetro económico para o recoñecemento do dereito a asistencia xurídica gratuíta o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) en substitución do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM). De acollerse dita reivindicación, ampliaríase a concesión do beneficio a litigar de balde a persoas con ingresos de ata 2.159 euros, é dicir, máis de 25.000 euros anuais, resultando claramente prexudicial na nosa Comunidade autónoma, na que o PIB per cápita é inferior a 24.000 euros. Resultando os avogados e avogadas que traballan sos ou en pequenos despachos os máis prexudicados, pois é a eles aos que impactaría con maior efecto tal modificación.

Desde os Colexios da Avogacía, directamente, ou a través dos Consellos Autonómicos e do Consello Xeral da Avogacía Española, tense e continúaase a ter traballado constante e permanentemente na mellora de todas as condicións, especialmente as económicas, na prestación do servizo da Quenda de Oficio.





É preciso recoñecer que o froito de ditas negociacións nos distintos territorios tivo un resultado dispar, pois temos que recordar que 12 das 17 comunidades autónomas de España teñen transferida a competencia en materia de Xustiza Gratuíta e establéceno especificamente; de modo que non tiveron igual resposta as reivindicacións formuladas pola avogacía en todos os territorios.

Na nosa Comunidade Autónoma, no relativo ás reivindicacións verdadeiramente transcendentales, obtivemos os seguintes resultados:

1º Aínda sendo as remuneracións susceptibles de mellora e estando pendentes aínda de inclusión no baremo partidas e conceptos que deben ser igualmente indemnizados -razón pola cal a reivindicación é permanente-, no ano 2021 conseguimos incrementar os importes recollidos no Baremo, sendo actualmente a nosa comunidade a que ocupa o segundo lugar, a pesar de ocupar un lugar moi atrasado, comparativamente falando, en todos os criterios e magnitudes susceptibles de seren utilizados para o cálculo (renda familiar dispoñible, paridade de poder adquisitivo, poboación, PIB, etc.). Por conseguinte, debe resultar comprensible que nas Comunidades onde existe un canal de negociación estable e frutífero coa administración autonómica competente, -como é o caso de Galicia, onde as cantidades se actualizan anualmente-, resulte dificilmente xustificable que nos manifestemos reivindicando aquilo que xa temos recoñecido.

2º No referente á defensa das persoas xurídicas, temos recoñecido o dereito á prestación por dito servizo e á súa remuneración, sempre e cando exista un requirimento xudicial para asumir a súa defensa, en virtude do Convenio asinado a tal efecto coa Xunta de Galicia o pasado ano, cuxa renovación está xa aceptada.

Este mesmo convenio recoñece tamén o abono de todas as actuacións que realicen os letrados da quenda a requirimento xudicial, nos asuntos penais nos que se denegou o dereito, ben por falta de achega de documentación, ben por non acreditar o asistido os seus ingresos económicos.

3º Temos ademais recoñecido o pagamento de saídas e desprazamentos dos letrados a centros de prisión, centros de detención, etc., cumpridos determinados requisitos.

4º A activación do expediente electrónico e aplicación do portal web para formularios e partes de garda xa está preparado no programa de xestión colexial dos distintos colexios para permitir a presentación telemática de toda a documentación relacionada ca Quenda de Oficio, mantendo dispoñible a opción de presentación en papel a quen así o desexen.

Neste sentido queremos informarvos de que, tamén, traballamos na creación dunha App que permite, mediante o envío de fotos, cumprir co trámite de solicitudes, xustificacións e documentación a través do móbil ou dunha tablet.



5º Naqueles casos nos que ao xusticiable non lle é posible ou non quere achegar a documentación correspondente para iniciar a correspondente solicitude de xustiza gratuíta, resulta ser a Administración quen, de oficio, a solicita e consegue.

6º.- En materia de Conciliación, froito do traballo realizado desde o Consello Xeral da Avogacía en colaboración co Ministerio de Xustiza, acolléronse todas as medidas demandadas para poder conciliar a vida persoal coa profesional, a través das modificacións legislativas que o CGAE propuxo e se recollen no Proxecto de Lei de Eficiencia procesual, así como nas emendas presentadas contra dito Proxecto, que como sabedes, atópase actualmente en sede parlamentaria. Precisamente as "vacacións de Nadal" que xa desfrutamos a pasada Nadal son parte do resultado dese traballo.

7º.- Ademais, o Consello Xeral da Avogacía xa solicitou a modificación do artigo 464 CP para ampliar o tipo a todas as condutas que atenten contra o avogado ou avogada no exercicio da profesión, entendendo que o exercicio da defensa require a maior protección e consideración, tanto na prestación do servizo de oficio como por designación particular.

Dito o anterior, non ignoramos que aínda seguen pendentes medidas de mellora, que avogacía institucional seguirá reclamando. Polo tanto, a nosa postura en relación coa manifestación convocada debe ser a de expresar a nosa solidariedade cos aqueles outros territorios do noso Estado que non teñen satisfeitas ditas reivindicacións, pero sen adherirnos nin secundar o elenco de demandas que formulan.

Por último, vémonos na necesidade de aclarar que a representación da avogacía española corresponde ao Consello Xeral da Avogacía Española; e en cada territorio aos Consellos Autonómicos e aos oitenta e tres Colexios da Avogacía que compoñen a primeira das institucións mencionadas. Os seus representantes, os decanos e decanas e os membros das xuntas de goberno, foron elixidos democraticamente. Son entidades que representan a todos e cada un dos avogados españoles, (este ou non adscritos á Quenda de Oficio); e ao servizo destas institucións traballan técnicos preparados, coñecedores da situación da Quenda de Oficio. Todo iso fai que as reivindicacións e as negociacións que delas nacen, se leven de forma coordinada e rigorosa, velando sempre polo interese do conxunto da avogacía, que debe manterse a estes fins, sempre unida.

Por tanto, tales institucións son tamén os únicos interlocutores lexitimados para negociar coas autoridades competentes en materia de Xustiza en nome de toda a avogacía, e polo tanto, desde o máis absoluto respecto ao dereito de asociación das entidades convocantes da manifestación, é innegable que carecen de lexitimación para arrogarse unha representación que non ostentan, tanto ante a administración como ante a sociedade.



CONSELLO
DA AVOGACÍA
GALEGA

De aí que, continuando co noso labor iniciado xa dende hai moitos anos en defensa da dignidade, da compensación correcta das actuacións prestadas no servizo da Quenda de Oficio, este Consello continúe mantendo, de forma permanente, negociacións coa autoridade autonómica competente nesta materia e coa administración central e o lexislador estatal a través do CGAE, traballando unidos en busca do fin que todos perseguimos, que non é máis que os avogados e as avogadas poidan prestar, en dignas condicións, un servizo eficaz e de calidade a aqueles que carecen de medios para designar particularmente un avogado ou avogada da súa elección e confianza.

O anterior comunicado foi acordado polo Pleno do consello da Avogacía Galega

Asinado: O secretario do Consello da Avogacía Galega, Augusto Pérez-Cepeda Vila

Asinado electronicamente,
Por Delegación de firma. Acordo 9 de setembro de 2022
Sergio Aramburu Guillán
Secretario técnico do Consello da Avogacía Galega